

Acta da Reunión da Comisión Permanente da Xunta de Facultade celebrada o 27 de outubro de 2014

Asistentes:

Allegue Agüete, Pilar
Barreiro Carril, María Cruz
Orge Míguez, José Carlos
Torres Pérez, Francisco

Bergareche Gros, Almudena
Domínguez Rubira, Carmen
Rodríguez Damián, Amparo

Fernández González, Brais
Gerrero Gesteira, Isabel

Iníciase a reunión sendo as 12.30 h., en segunda convocatoria coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación, se procede, dos Informes de seguimento definitivos das titulacións do Centro do curso 2013/2014.
4. Rolda aberta de intervencións.

Preside a reunión a vicedecana, Dona Pilar Allegue Aguite.

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación, se procede, da acta das sesión anterior (acta da reunión do 11 de xuño de 2014).

Apróbase por asentimento.

2.- Informes.

A vicedecana, Dona Pilar Allegue Aguite, informa que excusan asistencia as profesoras Dona Helena Martínez Hens e Dona Teresa Estévez Abeleira.

3.- Aprobación, se procede, dos Informes de seguimento definitivos das titulacións do Centro do curso 2013/2014.

Apróbase con oito votos a favor e unha abstención.

4.- Rolda aberta de intervencións.

A profesora Almudena Bergareche comenta que o punto "rolda aberta de intervencións" debería incorporarse ao lado de cada punto da orde do día para permitir unha discusión antes da súa aprobación, facendo referencia, en particular ao punto terceiro relativo aos informes de seguimento.

O vicedecano, Francisco Pérez Torres, explica que, en realidade, trasladouse a mesma orde do día da Comisión de Calidade, da que é secretario, e que abordaba a mesma temática a tratar na Comisión Permanente.

A profesora Almudena Bergareche Bros manifesta que, en pro dun mínimo de calidade -tamén formal- mentres non se resolvan certos problemas que considera que afectan á convivencia de tódalas persoas involucradas no Centro, e que ten que ver con certas actitudes mantidas nos últimos actos da Xunta de Facultade, e determinados correos electrónicos, e mentres non se pidan excusas públicas, retírase de tódalas reunións de xuntas e comisións do Centro.

En concreto, saú a relucir o tema do comportamento mantido polo alumno Miguel Diéguez de cara á profesora Magdalena Barahona, respecto do que a vicedena, Pilar Allegue explica que está á espera de recibir un informe escrito da profesora para adoptar as accións oportunas dende o Decanato.

O vicedecano, José Carlos Orge intervéñ para dicir que se suma á proposta da profesora Almudena Bergareche no senso de todos sexamos formais e non enturbiemos a convivencia. Ademais comenta que non entende a intervención da profesora Almudena Bergareche respecto ao seu desacordo coa redacción do punto terceiro na orde do día, ao que a profesora contesta dicindo que a rolda aberta de intervencións debería incluírse no momento en que se presentan os informes de seguimento.

A profesora Carmen Domínguez Rubira únese a proposta de tratar de fomentar unha convivencia agradable entre os profesores para servir de exemplo ao comportamento dos alumnos.

A vicedecana, Pilar Allegue engade que o comportamento do alumno en cuestión constitúe un atentado contra a liberdade e a organización.

A profesora Almudena Bergareche Bros manifesta que non colaborará en programas de xornadas académicas co alumno en cuestión ata que se reponha publicamente a devandita situación.

Non habendo máis intervencións levántase a sesión sendo as 13:30 horas do que dou fe como Secretaria.

Asdo. María Cruz Barreiro Carril